

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

11132 *Real decreto lei 23/2012, do 24 de agosto, polo que se prorroga o programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego.*

O Real decreto lei 1/2011, do 11 de febreiro, de medidas urxentes para promover a transición ao emprego estable e a recualificación profesional das persoas desempregadas, introduciu de forma conxuntural un programa de cualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego, baseado en accións de políticas activas de emprego e na percepción dunha axuda económica de acompañamento.

O programa, de seis meses de duración, foi prorrogado en dúas ocasións, mediante o Real decreto lei 10/2011, do 26 de agosto, de medidas urxentes para a promoción do emprego dos mozos, o fomento da estabilidade no emprego e o mantemento do programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego; e mediante o Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.

O Goberno, nun escenario de recesión económica, tendo en conta a evolución do desemprego de longa duración e o número de fogares con todos os seus membros desempregados e, unha vez analizado e avaliado o Plan Prepara desde a súa creación ata a actualidade, considerou conveniente prorrogar o citado programa. Agora ben, o limitado éxito do plan de inserción no emprego dos beneficiarios e a non vinculación nalgúns supostos dos beneficiarios coas situacións de maior necesidade exixen a introdución de melloras no seu deseño, de forma que se incremente a súa eficacia como mecanismo de inserción no mercado de traballo e que se protexan os cidadáns que máis o precisan.

En coherencia co principio de equidade e a prol da consecución da xustiza social, o programa redefínese e centra a súa función protectora no colectivo de desempregados que, non tendo dereito a outras prestacións ou subsidios, presenten cargas familiares ou posúan a condición de parados de longa duración.

O programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego é un mecanismo de protección complementario, xustificado pola situación do mercado de traballo español e apoiado nun tratamento individualizado e personalizado para a inserción no mercado de traballo. O programa debe cumprir un dobre obxectivo; por unha banda, paliar unha situación real de necesidade e, por outra, reincorporar os seus beneficiarios ao mercado laboral. O programa acompáñase dunha serie de modificacións que pretenden mellorar a súa eficacia e eficiencia.

En primeiro lugar, increméntase a contía da axuda ata o 85% do IPREM para aqueles beneficiarios con tres ou máis persoas ao seu cargo e mantense no 75% a contía para o resto dos casos. Ademais, séguese vinculando o cumprimento do requisito de rendas ás da unidade familiar e redefínese a súa composición en coherencia con outros programas de análoga finalidade. Con estas medidas, o programa atenderá as situacións de maior necesidade e amplía a axuda para os casos en que as cargas familiares sexan maiores.

En segundo lugar, dada a insatisfactoria taxa de inserción dos beneficiarios dos programas anteriores, articúlanse mecanismos para fortalecer a vinculación entre as políticas activas e pasivas, que contribúan a potenciar o carácter de «programa para o emprego». Para iso, refórzase o seguimento do grao de cumprimento do compromiso de actividade, exixindo que os solicitantes acrediten ter realizado actuacións de busca de emprego a título persoal, ou en colaboración cos servizos de emprego, como requisito previo á obtención da condición de beneficiarios. O compromiso de busca activa de emprego deberase manter durante todo o programa e os servizos de emprego poderán

requirirle ao beneficiario que acredite a materialización do dito compromiso en calquera momento.

No seo da Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais proporase que o grao de eficacia e eficiencia na execución do programa se introduza como unha das variables de repartición dos fondos destinados a políticas activas para as comunidades autónomas.

A análise de avaliación do programa puxo de manifesto a necesidade de reforzar a vinculación entre políticas activas e pasivas de emprego a través dunha maior coordinación entre o Servizo Público de Emprego Estatal e os servizos de emprego das comunidades autónomas. Para iso, a Conferencia Sectorial xoga un papel esencial como instrumento para compartir as mellores prácticas, identificar fortalezas e debilidades das estratexias dos distintos servizos de emprego, coordinar as actuacións que se van realizar e fixar criterios de actuación homoxéneos cando sexa adecuado e necesario de cara a unha maior eficacia no marco de competencias existente, tendo en conta o Plan anual de política de emprego.

En terceiro lugar, garántese o cumprimento do principio de equidade revisando o réxime de incompatibilidade da axuda económica con outras de natureza similar, garantindo que o Servizo Público de Emprego Estatal teña acceso á información necesaria para comprobar a dita incompatibilidade, en coherencia coas observacións do Tribunal de Contas na Resolución do 2 de marzo de 2010, aprobada pola Comisión Mixta para as Relacións co Tribunal de Contas, en relación co informe de fiscalización do procedemento de xestión do Programa de renda activa de inserción.

Por último, refórzase a supervisión e a análise dos resultados obtidos pola aplicación do Plan Prepara, como medio para incrementar a súa eficiencia, garantir unha asignación óptima dos recursos e estender unha cultura de avaliación continua das políticas de emprego.

As modificacións introducidas respecto ao deseño inicial do programa pretenden incrementar as oportunidades de emprego dos beneficiarios, así como centrar os esforzos dos servizos de emprego naqueles desempregados que se enfrontan a condicións máis desfavorables. As reformas tratan de aumentar a eficiencia do programa nos seus obxectivos de emprego, incrementando a súa vinculación ás políticas activas de emprego. O programa debe servir de instrumento eficaz na busca de emprego e para iso deben utilizarse todos os medios, tanto públicos coma privados, de que dispoñen os servizos públicos de emprego.

A necesidade da inmediata aplicación das medidas que se adoptan, atendendo á situación do mercado de traballo e á finalización do programa vixente -producida o día 15 de agosto de 2012-, constitúe circunstancia que acredita a extraordinaria e urxente necesidade que a Constitución española exige para o recurso a este instrumento normativo.

Na súa virtude, en uso da autorización concedida no artigo 86 da Constitución, por proposta da ministra de Emprego e Seguridade Social e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de agosto de 2012,

DISPOÑO:

Artigo único. Prórroga do programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego.

1. Prorrógase, coa súa natureza de programa específico de carácter nacional que inclúe medidas de políticas activas de emprego e axudas económicas, o programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego, previsto no artigo 2 do Real decreto lei 1/2011, do 11 de febreiro, de medidas urxentes para promover a transición ao emprego estable e a recualificación profesional das persoas desempregadas, nos termos establecidos no presente real decreto lei.

2. Poderanse beneficiar deste programa as persoas desempregadas por extinción da súa relación laboral e inscritas como demandantes de emprego nas oficinas de

emprego que, dentro do período comprendido entre o día 16 de agosto de 2012 e o día 15 de febreiro de 2013, ambos os dous inclusive, esgoten a prestación por desemprego de nivel contributivo e non teñan dereito a calquera dos subsidios por desemprego establecidos no texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, ou ben esgotasen algún destes subsidios, incluídas as súas prórrogas; ademais, as ditas persoas deben cumprir, no momento da solicitude, algunha das seguintes condicións:

a) Levar inscritas como demandantes de emprego polo menos doce dos últimos dezaioito meses.

b) Ter responsabilidades familiares, tal como este concepto vén definido no artigo 215.2 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

3. A persoa solicitante debe carecer de rendas, de calquera natureza, superiores en cómputo mensual ao 75% do salario mínimo interprofesional, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias.

Para estes efectos, aínda que o solicitante careza de rendas, nos termos anteriormente establecidos, se convive con pais e/ou cónxuxe, e/ou fillos menores de 26 anos, ou maiores cunha discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cento, ou menores acollidos, unicamente se entenderá cumprido o requisito de carencia de rendas cando a suma das rendas de todos os integrantes da unidade familiar así constituída, incluído o solicitante, dividida polo número de membros que a compoñen, non supere o 75 por cento do salario mínimo interprofesional, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias.

Consideraranse como rendas ou ingresos computables os establecidos no artigo 215.3.2 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social. Así mesmo, computarase como renda o importe dos salarios sociais, rendas mínimas de inserción ou axudas análogas de asistencia social concedidas polas comunidades autónomas e as entidades locais.

4. Non se poderán acoller a este programa as persoas que tivesen percibido a prestación extraordinaria do programa temporal de protección por desemprego e inserción, nin as persoas que fosen ou puidesen ser beneficiarias do programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego nos termos establecidos no Real decreto lei 1/2011, do 11 de febreiro, incluídas as súas prórrogas, nin as que esgotasen ou puidesen ter dereito á renda activa de inserción, nin as que esgotasen a renda agraria ou o subsidio por desemprego, ambos os dous en favor dos traballadores eventuais do sistema especial para traballadores por conta allea agrarios incluídos no réxime xeral da Seguridade Social.

5. As persoas beneficiarias deste programa terán dereito a:

a) Realizar un itinerario individualizado e personalizado de inserción, que recolla o diagnóstico sobre a súa empregabilidade, así como as medidas de políticas activas de emprego dirixidas a melloralas.

b) Participar en medidas de políticas activas de emprego encamiñadas á recualificación e/ou reinserción profesional necesarias para que se poidan incorporar a novos postos de traballo, especialmente as dirixidas á obtención das competencias profesionais máis necesarias para a súa colocación estable.

c) Recibir unha axuda económica de acompañamento do 75% do indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM) mensual, ata un máximo de seis meses.

No suposto de que a dita persoa teña a cargo no momento da solicitude, polo menos, tres membros da unidade familiar, a axuda será equivalente ao 85% do IPREM. Para estes efectos, entenderase como familiar a cargo o cónxuxe e/ou fillos menores de 26 anos, ou maiores cunha discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cento ou menores acollidos, e que carezan individualmente de rendas propias superiores ao 75% do salario mínimo interprofesional en cómputo mensual, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias.

6. Cando o solicitante, ou calquera membro da súa familia, teña dereito a percibir os salarios sociais, rendas mínimas de inserción ou axudas análogas de asistencia social concedidas polas comunidades autónomas e polas entidades locais, a axuda económica prevista no número anterior sumada ao importe daquelas non poderá superar o 75% do salario mínimo interprofesional. No caso de que se supere este límite, descontarase da axuda regulada no número anterior o importe que exceda a dita cantidade. Para estes efectos, e mentres a comunidade autónoma ou entidade local de residencia do solicitante non inscriba as ditas axudas no Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, recollido no Real decreto 397/1996, do 1 de marzo, polo que se regula o Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, deberase achegar, xunto coa solicitude, certificado emitido pola dita comunidade autónoma ou entidade local onde se faga constar a percepción ou non destas axudas, e da súa contía, polo solicitante e/ou pola súa unidade familiar.

7. O prazo para solicitar a inclusión no programa será de dous meses desde a finalización da prestación ou subsidio por desemprego. Neste prazo, a persoa solicitante deberá realizar, durante un período mínimo de trinta días, accións de busca activa de emprego, as cales se deberán acreditar no momento da solicitude, na forma que se determine regulamentariamente.

O traballo por conta propia ou allea da persoa solicitante neste prazo terá, para estes efectos, a consideración de realización de accións de busca activa de emprego.

A axuda prevista na letra c) do número 5 só se poderá recoñecer unha vez iniciado o itinerario individualizado e personalizado de inserción establecido na letra a) do citado número, e a súa percepción estará condicionada á participación neste.

8. As persoas beneficiarias virán obrigadas, ao longo de toda a duración do programa, a participar nas accións de políticas activas de emprego e de busca de emprego que lles propoñan os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas e o Servizo Público de Emprego estatal no ámbito das súas respectivas competencias, e estes servizos públicos poderán exixir a súa acreditación en calquera momento, sendo a súa realización requisito imprescindible para o mantemento do disfrute da axuda económica. Así mesmo, estarán obrigadas a aceptar a oferta de emprego adecuada, segundo o establecido no artigo 231.3 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, xa sexa ofrecida polos servizos públicos de emprego ou polas axencias de colocación cando desenvolvan actividades no ámbito da colaboración daqueles, salvo causa xustificada. Igualmente, deberán comunicar, se é o caso, que se deixaron de reunir os requisitos necesarios para acceder ao programa, así como calquera modificación que poida afectar a súa contía.

O Servizo Público de Emprego estatal determinará tanto o prazo máximo para o inicio das accións ou servizos asociados ao itinerario personalizado de inserción coma o prazo máximo de comunicación do inicio das accións que integran o itinerario.

9. O incumprimento de calquera das obrigas e dos requisitos establecidos neste programa dará lugar á perda da condición de persoa beneficiaria destas axudas, coa exclusión definitiva del, desde a data do incumprimento. Con carácter previo a ditar a oportuna resolución, daráselle un prazo de dez días ao interesado para que formule as alegacións que considere oportunas.

Así mesmo, poderase iniciar o procedemento de reintegro regulado nos artigos 36 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, sempre que se dea algunha das circunstancias previstas no artigo 37 da devandita norma.

10. Corresponde aos servizos públicos de emprego a competencia de programación e xestión das medidas de políticas activas de emprego deste programa.

11. O Servizo Público de Emprego estatal será o encargado da concesión e do pagamento das axudas económicas de acompañamento, en aplicación do disposto no artigo 13.h) 4.º da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, as cales se tramitarán en réxime de concesión directa, segundo o establecido no artigo 22.2 b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

12. O Servizo Público de Emprego estatal aboará as axudas económicas de acompañamento para a recualificación profesional de xeito directo ás persoas

beneficiarias, polo procedemento de nóminas mensuais; e os períodos inferiores ao mes ratearanse atendendo á data de inclusión efectiva neste programa e aos períodos traballados durante o mes. Descontaranse proporcionalmente as cantidades que correspondan pola falta de participación efectiva nas accións e medidas incluídas no itinerario individualizado de inserción, sempre que non concorran supostos de incumprimento, de acordo co previsto no número 9.

Estas axudas poderán ser obxecto de xustificación para o seu cofinanciamento polo Fondo Social Europeo, logo do cumprimento dos requisitos establecidos pola normativa nacional e comunitaria.

13. Co fin de garantir o correcto funcionamento deste programa e garantir as mesmas posibilidades de acceso a todos os seus potenciais beneficiarios, habilítase o Servizo Público de Emprego estatal para desenvolver o procedemento de concesión e pagamento das axudas, así como para establecer os mecanismos necesarios de coordinación e intercambio de información cos servizos públicos de emprego das comunidades autónomas.

14. Co fin de analizar os resultados obtidos pola aplicación desta medida, procederase a unha avaliación desta con anterioridade á data de finalización da súa vixencia. Proporase no seo da Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais que os resultados da dita avaliación sexan tidos en conta na distribución de fondos destinados a políticas activas para distribuír as comunidades autónomas.

Disposición adicional primeira. *Financiamento da axuda para a recualificación profesional das persoas que esgoten a protección por desemprego.*

O financiamento da prórroga da axuda para a recualificación profesional das persoas que esgoten a protección por desemprego realizarase con cargo ao orzamento de gastos do Servizo Público de Emprego estatal, para o cal se habilitarán para o efecto os créditos que sexan necesarios.

En ningún caso esta medida poderá afectar o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

Disposición adicional segunda. *Modificación do Real decreto 397/1996, do 1 de marzo, polo que se regula o Rexistro de Prestacións Sociais Públicas.*

Engádense dúas novas letras, n) e ñ), ao artigo 3, coa seguinte redacción:

«n) Os salarios sociais, rendas mínimas de inserción ou axudas análogas recoñecidas polas comunidades autónomas e entidades locais.

ñ) A renda activa de inserción concedida polo Servizo Público de Emprego estatal.»

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e o fomento da competitividade.*

O Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e o fomento da competitividade, queda modificado como segue:

Un. O primeiro inciso do parágrafo décimo noveno da epígrafe II do preámbulo queda redactado do seguinte modo:

«Modifícase o réxime retributivo do persoal incluído no réxime xeral da Seguridade Social ou no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar durante a situación de incapacidade temporal, sen prexuízo de que se establece un mandato dirixido ás administracións públicas para adoptar medidas para reducir o absentismo do seu persoal.»

Dous. O primeiro parágrafo da disposición adicional décimo oitava queda redactado da seguinte forma:

«Ao persoal funcionario e laboral da Administración xeral do Estado e organismos e entidades dela dependentes acollidos ao réxime xeral da Seguridade Social ou ao réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, recoñeceránselle os seguintes complementos nos supostos de incapacidade temporal:»

Tres. A disposición transitoria décimo quinta queda redactada da seguinte forma:

«As previsións contidas no artigo 9 relativas ás prestacións económicas na situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo das administracións públicas acollido ao réxime xeral da Seguridade Social ou ao réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar serán desenvolvidas por cada Administración pública no prazo de tres meses desde a publicación deste real decreto lei, prazo a partir do cal producirá efectos en todo caso».

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento.*

Facúltase a persoa titular do Ministerio de Emprego e Seguridade Social para ditar as disposicións que sexan precisas para o desenvolvemento e a execución do establecido neste real decreto lei.

Así mesmo, facúltase a persoa titular da Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal, no ámbito das súas competencias, para ditar cantas resolucións sexan precisas para o desenvolvemento deste real decreto lei.

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do título competencial previsto no artigo 149.1.7.^a da Constitución.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e producirá efectos desde o 16 de agosto de 2012.

Dado en Madrid o 24 de agosto de 2012.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY